



ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2024/25

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS - CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024 (DOG do 18 de setembro), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES** pais/nais, dun total de TRES que debe ter o Consello Escolar.
2. Co obxecto de manter os períodos de renovación, o membro do consello escolar elixido conforme á renovación dunha praza, que causou baixa por traslado, nomeada ata o 2026 (**UN** dos TRES) será nomeado por un período de dous cursos escolares. (Artigo 55.2 do Decreto 92/1988)
- 3.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 30 de outubro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 6 de novembro.
- 4.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas a partir do día 1 de novembro ata as 14'00 horas do día 8 de novembro.**
- 5.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 11 de novembro, ás 12:30 horas na Sala de Xuntas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 6.- A campaña electoral desenvolverase entre os días 14 a 18 de novembro. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES
- 7.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro, que estean avalados cando menos pola sinatura de dez electores/as.
- 8.- **As votacións realizaranse neste IES o día 19 de novembro, de 16:35 a 18:35 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:30 horas.**
- 9.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **DOUS** nomes dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 10.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
- 11.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 12.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ferrol, 25 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Victoria Piñeiro Carregado

